



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE ABRIL DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Concelleiros non adscritos:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de abril de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202304271800210000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2023

Acceso á videoacta – 00:00:33 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023 (CVD: KE3VuuwM04e7eywC1inK), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2023

Vista a liquidación do orzamento do exercicio 2022, que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de **13.427.136,19 euros**.

Vista o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020 que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2022 polo acordo de Consello de Ministros en data de 27 de xullo de 2021, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 13 de setembro de 2021 e posteriormente para o ano 2023 polo Acordo do Consello de Ministros na súa sesión do 26 de xullo de 2022, que foi refrendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2023, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2023 por importe de 729.792,01 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións, considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023 (CVD: KE3VuuwM04e7eywC1inK), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2023

Acceso á videoacta – 00:02:52 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023 (CVD: xPJIUSdPIGNX77zJb37I), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2023

Vista a liquidación do orzamento do exercicio 2022, que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de **13.427.136,19 euros**.

Vista o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020 que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2022 polo acordo de Consello de Ministros en data de 27 de xullo de 2021, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 13 de setembro de 2021 e posteriormente para o ano 2023 polo Acordo do Consello de Ministros na súa sesión do 26 de xullo de 2022, que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, a Corporación poderá acordar unha concesión de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2023, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2023 por importe de 148.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de abril de 2023 (CVD: xPJlUSdPIGNX77zJb37I), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.3. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 646/2023, DO 12 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS DE LA MANZANA M-3 DE A BARCALA (FASE 2)”

Acceso á videoacta – 00:05:17 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 14 de abril de 2023 (CVD: KUNmYn8+fkqJeDzsxcsi), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 12 de abril de 2023, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 646/2023, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2023 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2023”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA MAZÁ M-3 DE A BARCALA (FASE 2)	Carlota Robelo Pardo Arquitecta colegiada nº 1199	175.000,00 €

Visto que con data 28.02.2023 recibíuse requirimento da Deputación Provincial da Coruña, no que solicitou a corrección das seguintes deficiencias no proxecto:

- No orzamento non se expresan os prezos unitarios e os descompostos.
- Non figura o prazo de execución.
- Non consta un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.

Visto que consta no expediente o proxecto denominado “Proyecto técnico para pavimentación de aceras de la manzana M-3 de A Barcala (fase 2)” asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:13:45 horas.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica, Susana Bahamonde López, con data do 30.03.2023 (CVD: ilrrnKoomfMNZvbDRt5K), no que di:

“(…)Por lo tanto, se presta la CONFORMIDAD TÉCNICA PREVIA al proyecto de PAVIMENTACIÓN DE ACERAS DE LA MANZANA M3 DE A BARCALA (FASE 2) (último refundido de marzo 2023)”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Proyecto técnico para pavimentación de aceras de la manzana M-3 de A Barcala (fase 2)” asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:13:45 horas.

Segundo: Someter esta resolución á ratificación polo Pleno da Corporación.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, proponho ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 646/2023, do 12 de abril, de aprobación do proxecto denominado “Proyecto técnico para pavimentación de aceras de la manzana M-3 de A Barcala (fase 2)” asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:13:45 horas.

Segundo.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 14 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 14 de abril de 2023 (CVD: KUNmYn8+fkqJeDzsxcsi), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.4. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 650/2023, DO 12 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS EN C/. RÍO GÁNDARA DE A BARCALA”

Acceso á videoacta – 00:06:59 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023 (CVD: VFeg3Vk/szPa1n0lcUwN), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 12 de abril de 2023, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 650/2023, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2023 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2023”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRRARRÚAS EN R/RÍO GÁNDARA DE A BARCALA	Carlota Robelo Pardo Arquitecta colegiada nº 1199	30.000,00€

Visto que con data do 01.03.2023 recibíuse requirimento da Deputación Provincial da Coruña, no que di:

“(…)

Segundo o establecido na Base 5.B.2.1, o proxecto non comprende os seguintes documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

- No orzamento non se expresan os prezos unitarios e os descompostos
- Non figura o prazo de execución

- Non consta un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo
- Non se indica que se trata dunha obra completa

(...)"

Visto que consta no expediente o denominado "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/Río Gándara de A Barcala" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:09:44 horas.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica, Susana Bahamonde López, con data do 10.04.2023 (CVD: 1gNSqE4wSxztllQ6xU+x) no que di:

"(...)

Por lo tanto, se presta la CONFORMIDAD TÉCNICA PREVIA al PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS EN C/RÍO GÁNDARA DE A BARCALA (último refundido de marzo 2023).

(...)."

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Deixar sen efecto a Resolución desta alcaldía núm. 611/2023, de 10 de abril, ao non constar a sinatura da secretaria xeral por remitirse o documento a un circuito de firma erróneo.

Segundo: Aprobar o "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/Río Gándara de A Barcala" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:09:44 horas.

Terceiro: Someter esta resolución á ratificación polo Pleno da Corporación.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 650/2023, do 12 de abril, de aprobación do proxecto denominado "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/Río Gándara de A Barcala" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:09:44 horas.

Segundo.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña."

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023 (CVD:

VFeg3Vk/szPa1n0lcUwN), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.5. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 660/2023, DO 14 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “REFORMA INTEGRAL DA PRAZA FERNANDO BUESA – O TEMPLE”

Acceso á videoacta – 00:08:20 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023 (CVD: caY0kE7cksPQ2d/ianH3), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Con data 14 de abril de 2023, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 660/2023, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 28.01.2021 aprobou, entre outros, o proxecto “Reforma integral da praza Fernando Buesa-O Temple”, elaborado polo arquitecto municipal, José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento base de licitación de 299.999,99 euros (IVE engadido), incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021 (CVD: BfZC9ocWa5YV6aULANU/).

Visto que con data 14.04.2021 notificouse pola Deputación Provincial da Coruña, a necesidade de correxir o dito proxecto, motivo polo que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 18.05.2021 aprobou o proxecto básico e de execución denominado “Reforma integral da praza Fernando Buesa-O Temple” (decembro 2020-segunda corrección maio 2021), elaborado polo arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento base de licitación de 300.000,000 euros (con IVE); proxecto que foi ratificado polo Pleno da Coporación en sesión ordinaria de data 27.05.2021.

Visto que con data do 17.06.2021 notificouse pola Deputación Provincial da Coruña a circular sobre a elaboración do POS + ADICIONAL 2/2021 por maior achega desta deputación,

Visto que con data 05.07.2021, o señor alcalde ditou a resolución núm. 1119, cuxa parte dispositiva di:

“1.- Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
REFORMA INTEGRAL DA PRAZA FERNANDO BUESA, CAMBRE	274.943,15 €	25.056,85 €	300.000,00 €
MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO POLÍGONO DO TEMPLE, CAMBRE	148.822,45 €	0,00	148.822,45 €
TOTAL	423.765,60 €	25.056,85 €	448.822,45 €

Mayor achega provincial asignada ao concello	423.765,60 €
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	423.765,60 €
Diferenza pendente para a 2ª Fase	0,00 €

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

Visto que consta no expediente o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de Reforma integral da praza Fernando Buesa - El Temple”, asinado pola arquitecta técnica Susana Bahamonde López con data do 22.03.2023 (CVD: UQsJVdiyr4pSoK/qSH6K).

Visto o requirimento efectuado pola Deputación da Coruña con data do 24.03.2023, no que solicitou:

- Aprobación, polo órgano competente do concello, do proxecto modificado asinado dixitalmente en data 22 de marzo de 2023 pola arquitecta técnica municipal Susana Bahamonde López.

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, Emilio Martínez Cubero, con data do 13.04.2023 (CVD: Gw6gOk1t8t47A8Q5uAbc), no que conclúe:

“(…)

O proxecto municipal denominado PBE Reforma integral da praza Fernando Buesa. Modificado 2023 é viable dende o punto de vista da lexislación de aplicación e do planeamento municipal”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o denominado “Proxecto básico e de execución de Reforma integral da praza Fernando Buesa - El Temple”, asinado pola arquitecta técnica Susana Bahamonde López con data do 22.03.2023 (CVD: UQsJVdiyr4pSoK/qSH6K).

Segundo: Someter esta resolución á ratificación polo Pleno da Corporación.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 660/2023, do 14 de abril, de aprobación do proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de Reforma integral da praza Fernando Buesa - O Temple”, asinado pola arquitecta técnica Susana Bahamonde López con data do 22.03.2023 (CVD: UQsJVdiyr4pSoK/qSH6K).

Segundo.- Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.



Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2023 (CVD: caY0kE7cksPQ2d/ianH3), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DENOMINADO “REFORMA DO BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE PONTE CELA, CAMBRE”

Acceso á videoacta – 00:09:32 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 13 de abril de 2023 (CVD: 8Y5ppl+mIZm2Om0DRnH0), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión ordinaria de data 20 de abril de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMA DO BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE PONTE CELA, CAMBRE”

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación do proxecto denominado “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela. Cambre”, redactado por don Gustavo Vázquez Herrero, de “Consultora de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.” (CIMARQ), COAG nº 17803.

Actualmente, os equipos e a calderería existentes no bombeo de augas residuais de Ponte Cela, presentan un certo nivel de deterioro, implicando un risco permanente de averías no caso das bombas, e dificultades no servizo de explotación e mantemento no caso da calderería.

Plantéxase a substitución completa da calderería do bombeo e a substitución da bomba máis deteriorada, á vez que se aproveitará para recrecer o pozo de bombeo e arqueta anexa co fin de reducir as infiltracións en caso de crecidas do río Mero.

Tamén se considera no presente proxecto, a reparación de dúas bombas sumerxibles de augas residuais; unha instalárase no bombeo de Anceis e a outra correspondente ao bombeo do Mesón Vasco.

Á vista do informe urbanístico emitido pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, con data 15 de febreiro de 2023, (CVD: eMtYGq5c4HGr9Gx0bYNI)

Tendo en conta o conforme ao proxecto emitido polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos, don Óscar Souto Muíño, de data 1 de marzo de 2023, (CVD: qic1xq7ya75S9sg3xQCM) e o informe emitido por este técnico, onde se xustifica a necesidade de contratar urxentemente a obra denominada “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela. Cambre” (CVD: 6s73xjFpVQTP4u1DsMPc)

Tendo en conta o informe xurídico emitido polo Xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, de data 13 de abril de 2023, (CVD: a5XYv1cdRP1nA1qoJ5St)

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



Primeiro: Aprobar o proxecto denominado "Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela. Cambre", redactado por don Gustavo Vázquez Herrero, de "Consultora de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura, S.L." (CIMARQ), COAG nº 17803, conformado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño (CVD: qic1xq7ya75S9sg3xQCM).

Segundo: Notificar aos interesados.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 13 de abril de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo, Abalo Castex e González Roel.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 13 de abril de 2023 (CVD: 8Y5ppl+mIzm2Om0DRnH0), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.7. MOCIÓNS URGENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:10:53 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:10:58 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:10:59 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:11:02 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:11:12 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 204 resolucións numeradas da 512 á 715 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
512/2023	27-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a FCS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
513/2023	27-03-2023	Denegar a axuda emerxencia social para recibo de luz a CSTC por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora
514/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de alimentación básica de hixiene persoal a MEPG por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza
515/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a YGHH por atoparse no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
516/2023	27-03-2023	Denegar a axuda de alimentación básica de hixiene persoal a NSG por estar en periodo de suspensión de 6 meses establecidos na ordenanza reguladora
517/2023	27-03-2023	Visar a licenza municipal de taxi núm. 14 para o ano 2023, a instancia do seu titular, JMG e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
518/2023	27-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 30 de marzo de 2023
519/2023	27-03-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 403.672,95 euros, no concepto non orzamentario “20301 Taxa de lixo, EE.PP. acredores por recadación”, a favor do Consorcio das Mariñas, CIF P1500011J, pola taxa de recollida do lixo do cuarto trimestre de 2022
520/2023	27-03-2023	Aprobacion de facturas con reparos 75.747,96 euros
521/2023	27-03-2023	Aprobar a nómina do mes de marzo de 2023 por importe de 326.973,47 euros
522/2023	27-03-2023	Aprobar o proxecto denominado “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela. Cambre”, redactado por don Gustavo Vázquez Herrero, de “Consultora de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.” (CIMARQ), COAG nº 17803
523/2023	27-03-2023	Ordenar a LTR que roce a maleza existente na finca sita en Pena, Sigrás, concedéndolles a tal efecto un prazo de 10 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
524/2023	27-03-2023	Conceder á CdeP do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, e Fernando Buesa, parroquia do Temple, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 68 m ² de vía pública fronte ao citado edificio, polo prazo de cinco meses, para a instalación dun andamio e dun valado con motivo das obras de reparación e impermeabilización da súa fachada, obras que contan co preceptivo título habilitante trala presentación da comunicación previa núm. 2023/U026/000038
525/2023	28-03-2023	Aprobar as despesas que se relacionan no seguinte cadro correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de febreiro de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por importe de 117.740,89 €
526/2023	28-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a factura e certificación de obra núm. 5 e final Proxecto básico e de execución de adecuación funcional "Horta do cura". Cambre" por importe de 2.182,69 euros
527/2023	28-03-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 6/2023 por un importe 52.118,00 euros
528/2023	28-03-2023	Conceder os premios do XXI Torneo de xadrez "Agosto en Cambre" 2022. Conceder os premios do III Torneo de xadrez "Cambre Blitz" 2022
529/2023	28-03-2023	Levar a cabo o troco de domicilio de oficio, con data do día da resolución, de RCG do domicilio onde figura empadroado para o novo domicilio
530/2023	28-03-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 7/2023 por un importe 17.545,00 euros
531/2023	28-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
532/2023	28-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
533/2023	29-03-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a ES por atoparse no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
534/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a GLA
535/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a FMMF
536/2023	29-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a SAR
537/2023	29-03-2023	Correspóndese co decreto 552/2023, do día 29 de marzo
538/2023	29-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe total de 82.752,08 euros
539/2023	29-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a FJVF por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
540/2023	29-03-2023	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro do 5 ao 8 de abril de 2023, ambos incluídos
541/2023	29-03-2023	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez os días 3, 4 e 5 de abril de 2023
542/2023	29-03-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 9/2023 por importe de 315.283,43 euros financiada en 33.714,96 euros con compromiso de ingreso, en 23.626,09 euros con remanente de tesourería afectado e en 257.942,38 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
543/2023	29-03-2023	Levar a cabo o troco de domicilio de oficio con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía, de MENS e a menor BFN, do domicilio onde figuran empadroadas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

544/2023	29-03-2023	Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2023, a bonificación (Tarifa 1.B) na cota da taxa por subministración de auga potable concedida no seu día aos seguintes beneficiarios, por mor de non ter achegado a renovación do seu título de familia numerosa no prazo establecido na ordenanza fiscal num. 15 (ata o 28 de febreiro de cada ano), e constar como caducado o dito título na documentación dispoñible no Departamento de Intervención municipal, incumprindo polo tanto, os apartados segundo e terceiro do artigo 5 da ordenanza fiscal número 15 reguladora da taxa por subministración de auga
649/2023	12-04-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a RAC por un importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, ata lograr a execución do ordenado na resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 2 de febreiro de 2023, pola que se lle ordenou que procedese á poda das polas que sobresaen ao camiño público nº 136 desde a parcela sita A Rocha, Ancéis, ao terse constatado o seu incumprimento parcial, todo isto de conformidade co disposto polo apartados 4 do artigo 136 da da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
650/2023	12-04-2023	Deixar sen efecto a Resolución desta alcaldía núm. 611/2023, de 10 de abril, ao non constar a sinatura da secretaria xeral por remitirse o documento a un circuito de firma erróneo. Aprobar o "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en

		C/Río Gándara de A Barcala" asinado pola arquitecta Carlota Robelo Pardo con data do 17.03.2023 ás 15:09:44 horas
651/2023	12-04-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 10/04/2023 e núm. de rexistro de entrada 202300300000198, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: TAMP
652/2023	13-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YDCG
653/2023	12-04-2023	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 8/2023 por un importe de 777.911,13 euros
654/2023	13-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a A, S.A., co fin de que procedan ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopa a edificación sita en Amil, Cambre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
655/2023	13-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CH, SL, co fin de que procedan ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopa a edificación sita en Amil, Cambre, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
656/2023	13-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 43.653,32 euros
657/2023	13-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 67.598,11 euros
658/2023	13-04-2023	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do primeiro trimestre do ano 2023, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 38.334,34 euros, e o das cotas do IVE soportado por 32.371,34 euros, do que resulta un saldo acreedor por IVE a favor da Facenda Pública do Estado de 5.963,00 euros
659/2023	14-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de abril de 2023
660/2023	14-04-2023	Aprobar o denominado "Proxecto básico e de execución de reforma integral da praza Fernando Buesa - O Temple", asinado pola arquitecta técnica Susana Bahamonde López con data do 22.03.2023
661/2023	14-04-2023	Conceder a licenza para a construción dun muro de contención no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, en solo cualificado como urbano de núcleo rural nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre e urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre aprobado inicialmente o 1 de decembro de 2022, de conformidade co proxecto técnico do arquitecto don Pablo García Carrillo de novembro de 2022. Solicitante: BCP
662/2023	14-04-2023	Conceder a herdeiros de ASG e a AST a licenza municipal solicitada para a división dunha finca sita no lugar dos Campóns, parroquia de Sigrás de 9.600 m ² , en sete lotes de 1.400 m ² , 1.300 m ² , 1.350 m ² , 1350 m ² , 1.350 m ² , 1.798 m ² e 1.052 m ² , sendo ésta última de cesión obrigatoria ao Concello para a regularización de viario
663/2023	14-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 43.857,53 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

664/2023	17-04-2023	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 20 de abril de 2023
665/2023	17-04-2023	Visar a licenza municipal de taxi núm. 24 para o ano 2023, a instancia do seu titular, LMTB, e proceder a tal efecto á anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
666/2023	17-04-2023	Visar as licenzas municipais de taxi números 19 e 25 para o ano 2023, a instancia do seu titular, JLSF, e proceder a tal efecto á anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
667/2023	17-04-2023	Aprobar a autorización e disposición do gasto por importe de douscentos euros (200,00 euros), a favor de Mapfre España, S.A., CIF.- A28141935, en concepto de franquía da póliza de responsabilidade civil subscrita polo concello de Cambre coa aseguradora Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., en vigor no momento dos feitos indemnizables, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 920 22400 primas de seguros, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas
668/2023	17-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das comisións informativas permanentes do día 20 de abril de 2023
669/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
670/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LLV
671/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OMOM
672/2023	18-04-2023	Delegación de funcións da Alcaldía os días 24, 25 e 26 de abril de 2023 no primeiro tenente de alcalde Juan González Leirós
673/2023	18-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 54.765,54 euros
674/2023	18-04-2023	Anular os modificativos de crédito, transferencias de crédito 1/2023, 2/2023 e 3/2023 na súa totalidade
675/2023	18-04-2023	Conceder as axudas de emerxencia social para pagamento de tres recibos de alugueiro correspondentes aos meses de febreiro, marzo e abril de 2023. Solicitante: MT
676/2023	18-04-2023	Convocatoria da Comisión de Seguimento do PES para o día 21/04/2023
677/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
678/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
679/2023	18-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
680/2023	18-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a CGR porque se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios
681/2023	18-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JLDM
682/2023	18-04-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2022. Solicitante: MMS
683/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2022/I002/000059, incoado a aos herdeiros de por obras realizadas na finca sita en Aldea, parroquia de Andeiro, consistentes na reforma e ampliación do galpón existente, sen o preceptivo título habilitante, xa que segundo queda acreditado se executou a demolición das anteditas obras, dando así cumprimento ao ordenado en resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, do día 31 de maio de 2021
684/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000009, incoado a NLG e JJCY, pola colocación dunha unidade exterior do sistema de climatización na fachada da vivenda sita en Amil, sen o preceptivo título habilitante, quedando resolto coa presentación da comunicación previa número 2021/U026/000061



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

685/2023	18-04-2023	Arquivar o expediente número 2021/I002/000015 incoado a JNL pola construción dun peche sen axustarse á comunicación previa 2020/U026/000328, xa que segundo queda acreditado no expediente foi demolido na súa totalidade
686/2023	18-04-2023	Estimar as alegacións presentadas por FCU e polo tanto arquivar o expediente 2021/I002/37, ao terse legalizado o cerramento denunciado coa comunicación previa núm. 2022/U026/000128
687/2023	18-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela 66, rúa Fleming e Bell, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en dous módulos, sen título habilitante
688/2023	18-04-2023	Ordenar a AVB a retirada inmediata do mobiliario que se atopa ocupando a vía pública, fronte ao local denominado Shisha bar, sito en Otero Pedraio, O Temple, carecendo da preceptiva licenza de terraza
689/2023	18-04-2023	Suspender inmediatamente os actos de construción que está a realizar CBK, na finca sita en Piñeiro, Brexo, consistentes na execución de dúas construcións, un peche e un galiñeiro sen título habilitante, nun solo clasificado como rústico común, de acordo co disposto polo artigo 156.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
690/2023	18-04-2023	Desestimar as alegacións presentadas por MIBG, actuando en representación de JCG por realización de obras de reforma de vivanda sita en Fraís, Cecebre
691/2023	18-04-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar CST realizados na parcela sita A Torre, San Lourenzo, consistentes na construción dun peche sen axustarse a comunicación previa habilitada número 2020/U026/000397, ao non gardar o recuamento establecido ao camiño público número 1C.1.0287, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
692/2023	18-04-2023	Desestimar as alegacións presentadas por PFF, en representación de RLG, por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, sen que por outra parte se poida ampliar un prazo que aínda non foi concedido
693/2023	19-04-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
694/2023	19-04-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 12/2023 por importe de 41.260,50 euros
695/2023	19-04-2023	Aprobar a relación de docentes para a contratación laboral temporal ou nomeamento de funcionario interino para a impartición de cursos de formación para o emprego das especialidades de montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas e operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica
696/2023	19-04-2023	Asignar o número 34-A, á vivanda unifamiliar situada no lugar de Cabana, parroquia de Anceis, CP 15181, Cambre
697/2023	19-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela en rúa Fleming e Daimler, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en dous módulos, sen título habilitante, xa que, segundo informe de data 23 de maio de 2022, as obras citadas levan máis de 6 anos rematadas e dispostas para o fin para o que foron construídas, quedando a edificación existente na situación do artigo 90.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de conformidade co artigo 377.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro
698/2023	20-04-2023	Delegar a presidencia da sesión do Grupo de seguimento e avaliación do Plan estratéxico de subvencións, que terá lugar o vindeiro venres 21 de abril de 2023, ás 09:00 horas, no primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós
699/2023	20-04-2023	Arquivar o expediente número 2023/I004/000022, incoado a JMMR pola existencia de vertidos de materiais, na parcela sita en Castrillón Pravio, sen título habilitante, posto que segundo queda acreditado no expediente os vertidos denunciados foron retirados
700/2023	20-04-2023	Declarar a renuncia de RNL á licenza de vao permanente, con número fixo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		503000728994, concedida por resolución da Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2011 para o acceso á vivenda unifamiliar situada na rúa Aián, parroquia de Sigrás, con efectos a partir do 31 de decembro de 2022
701/2023	20-04-2023	Declarar a renuncia de BC, SL á licenza de vao laboral, con número fixo 503000436262, concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 30 de setembro de 1998 para o acceso ao local situado na rúa Graduill, parroquia de Cambre, con efectos a partir do 31 de decembro de 2022
702/2023	21-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local de data 25 abril 2023
703/2023	20-04-2023	Acordar a colocación de 8.000.000 euros no Banco Sabadell, CIF. A08000143, a un 3,30% nominal de xuro, por un período de 1 ano, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil.
704/2023	20-04-2023	Desestimación de alegacións e imposición de multa de 200 € por sanción de tráfico a R.G.R.
705/2023	21-04-2023	Altas e baixas no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde – Abril 2023
706/2023	21-04-2023	Asignación de número a vivenda sita en Meixigo, Cambre, a instancia de S.S.C.
707/2023	21-04-2023	Asignación de número a vivendas sitas en Rocsvales, Brexo, a instancia de R.H.S.L.
708/2023	21-04-2023	Aprobación do expediente de xeración de crédito 2/2023, por importe de 52.000,00 euros con base na subvención para a contratación temporal de persoal de Obras e Servizos PEL Concellos 2023
709/2023	21-04-2023	Inicio dos trámites para a imposición de multas coercitivas a H.M.F. ata cumprimento da resolución do concelleiro da Área de Urbanismo de data 13/09/2022, pola que se ordenou a restitución ao seu estado anterior das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (ventá) na fachada traseira da vivenda sita na Pena (Sigrás). Concesión de prazo de audiencia aos interesados.
710/2023	21-04-2023	Inicio dos trámites para a imposición de multas coercitivas a L.T.R. ata cumprimento da resolución do concelleiro da Área de Urbanismo de data 13/09/2022, pola que se ordenou a reposición das obras denunciadas consistentes na apertura dun oco (porta) na fachada traseira da edificación sita na Pena (Sigrás). Concesión de prazo de audiencia aos interesados.
711/2023	21-04-2023	Concesión de axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro correspondentes a febreiro e marzo de 2023 a V.S.S. por importe total de 700 euros
712/2023	21-04-2023	Arquivo do expediente núm. 2022/1002/00005 incoado aos herdeiros de P.C.M. e a B.P.C. pola instalación dunha caseta prefabricada en parcela sita no Drozo (Cambre), posto que queda acreditada a súa retirada, dando cumprimento ao ordenado por resolución do concelleiro da Área de Urbanismo e Obras de data 30 de setembro de 2021.
713/2023	21-04-2023	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo do primeiro trimestre do ano 2023 de auga a A.D.C.M. por importe de 45,67 euros
714/2023	21-04-2023	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro do mes de xaneiro de 2023 a A.E.P.N. por importe de 300 euros
715/2023	21-04-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para alimentación a M.M.H.S. por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de marzo de 2023

- Aprobación dos plans de seguridade e saúde presentados polas empresas Zona de Obra O Rosal, S.L., adxudataria do Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. adxudataria do Lote 2 (CEIP O Graxal) para a execución da obra denominada "Mellora dos parques infantís dos ceips Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal" (expediente: 2022/C003/000022).
- Adxudicación do contrato menor dos *servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre* á empresa ENDoterapia VEgetal S.L, co CIF B17903527, no prezo ofertado de 11.984,61 sen IVE, 14.501,38 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2023

- Devolución da garantía definitiva por importe de 14.122,63 euros constituída pola entidade "Arias Infraestructuras, S.A.", con CIF A15008485, para a obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre".
- Devolución da garantía definitiva por importe de 34.602,42 euros constituída pola entidade "Jardinería Arce, S.L., con CIF B15547979, para a obra "Remodelación da praza Europa en Cambre. Fase II".
- Acordo de prórroga ata o 31.12.2023 do contrato coa empresa "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega" para a "Asistencia técnica para o servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre". Exp: 2020/C004/000021.
- Acordo de prórroga ata o 31.12.2023 do contrato coa empresa "Gallega de Coordinaciones, S.L." do "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre". Exp: 2020/C004/000022.
- Adxudicación do contrato menor correspondente á subministración e instalación de mobiliario para dotar ao novo local da parroquia de Cela, á empresa "KL-1 Mobiliario de oficina S.L.", no prezo ofertado de 8.364,30 euros sen IVE, (10.120,80 euros, IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido. Exp: 2023/C002/000017

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de abril de 2023

- Acordo para deixar sen efecto as designacións como responsables de varios contratos efectuadas a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito e da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, e designación como responsable dos contratos á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López
- Designación da dirección de obra do contrato para a execución do "Proxecto básico e de execución de mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 2". Exped. 2021/C003/000013
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000015 para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de "asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora de iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol".

3.3. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS NÚM. 476/2023, DO 20 DE MARZO, DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022

Acceso á videoacta – 00:11:23 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 476/2023, do 20 de marzo, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Vistos os estados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2022 formulados e informados pola Intervención municipal no expediente 2023/G003/000403 (CVD:Fm9ZfD0nkxTi74iHeQZP / CVD: q2yQx1GgccJKRTGlg9lh).

Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323, de data 1 de xullo de 2019, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2022 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	19.738.906,37€
Modificacións	11.415.204,17€
Créditos definitivos	31.154.110,54€
Gastos comprometidos	20.412.242,36€
Obrigas recoñecidas netas	17.199.169,35 €
Pagos ordenados	16.912.427,61€
Pagos realizados	16.898.990,78€
Obrigas pendentes de pago a 31/12	300.178,57€
Remanentes de crédito	13.954.941,99€
Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	19.738.906,37€
Modificacións	11.415.204,17€
Previsións definitivas	31.154.110,54€
Dereitos recoñecidos	21.579.759,36€
Dereitos anulados	249.362,44€
Dereitos cancelados	0€
Dereitos recoñecidos netos	21.330.396,92€
Recadación neta	20.378.765,41€
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	951.631,51€
Exceso de previsión	9.823.713,62€

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 1.588.370,96 euros,
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.101.991,79 euros,
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 7.106.546,53 euros,
- remanente de tesourería total, 15.071.714,18 euros,
- exceso de financiamento afectado, 279.266,53 euros,
- remanente de tesourería para gastos xerais, 13.427.136,19 euros,
- aforro neto, 6.257.248,12 euros,
- capacidade de financiamento, 2.590.201,86 euros polo que cumpre co obxectivo de estabilidade.
- gasto computable resultante da liquidación do Orzamento de 2021, 13.783.001,32 euros, co que o teito máximo de gasto para 2022 tomando como referencia o 3,2% de aumento que era o previamente aprobado supón un teito de 14.224.057,36 polo que non se cumpre co obxectivo de regra de gasto.
- porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes: 10,05 por cento, cumprindo co obxectivo de límite de débeda.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2022 á Consellería de Facenda e Administración Pública, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com, e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local.

Terceiro: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

3.4. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2022, EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:11:37 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do informe de reparos formulados no exercicio 2022, emitido polo interventor municipal con data 24 de abril de 2023 (CVD: G5e2mBuUJrRdy8pybEGl).

3.5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2022, EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:11:47 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do informe resumo de control interno do exercicio 2022, emitido polo interventor municipal con data 24 de abril de 2023 (CVD: d0kWi1sG7fK+2UahUQp8).

3.6. ROGOS

ROGO DO BNG PRESENTADO POR ESCRITO

Rexistrado de entrada ao núm. 202399900002569 o día 24 de abril de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcrito di:

Único rogo - Acceso á videoacta – 00:12:07 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

“Rogamos instalen elementos de sombra, por exemplo árbores ou similares, no parque infantil de San Lourenzo.”

A Sra. Parcero Quiñoy contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900002573 o día 24 de abril de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:12:35 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Vista a campaña que dende o goberno municipal se está a facer para a construción dunha rotonda no acceso da AP9, no Temple.

Rogamos que se faga un estudo ou informe no que quede garantida que a implementación desta rotonda é unha mellora para a problemática do Temple.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:16:37 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Dado o estado de deixamento e sucidade en que atopamos as beirarrúas, aínda máis notable nesta época do ano, na que se xunta a falta dos mantementos de limpeza pertinentes durante o inverno e o pole estacional. Rogamos se execute a limpeza das beirarrúas en profundidade.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:17:38 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Ante o perigo que representan os restos dos bolardos instalados nos diferentes accesos do paseo fluvial do río Mero. Xa que actualmente non están a cumprir a súa función. Rogamos a retirada deles.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

3.7. PREGUNTAS

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002569 o día 24 de abril de 2023, xunto co rogo presentado para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:18:10 horas

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández:

“Cal é a información actual que ten o Concello de Cambre sobre a realización do viario 11-17?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:21:13 horas

O Sr. Cubeiro Fernández retira a 2ª pregunta, que di: “Cando van reparar a fochanca (foto anexa), xa sinalizada por persoal do concello, sita na rúa Estorrentada?”, por ter sido xa reparada.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002573 o día 24 de abril de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:21:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Hai uns días foi noticia a presenza de lobos en Santa María de Vigo, non sendo o primeiro caso nestes últimos anos. Motivo polo cal queríamos preguntar que medidas se están a tomar dende o concello.”

A Sra. Parcerero Quiñoy contesta a pregunta.

2ª e 3ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:22:07 horas

Lee as preguntas a Sra. Sánchez Vieites:

“2. Estes días sorprendía na prensa que só tres concellos da comarca finalizaron o exercicio do ano 2022 con todos os pagos ao día. Dada a boa xestión que os grupos de goberno venden, non podemos entender como Cambre ten case medio millón de euros de facturas sen pagar do ano 2022. Cales son os motivos que levan á dita situación?”

3. Cal é a previsión de pagar as ditas facturas.?”

A Sra. Pan Lesta contesta as preguntas.

PREGUNTAS DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002575 o día 24 de abril de 2023, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:23:21 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López:

“Cales foron por orde cronolóxico e con lectura e explicación do seu contido todas as comunicacións, ben sexan por sede electrónica, correo electrónico, de xeito telemático ou oral, entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cambre, respecto das peticións realizadas polo concello para que dende a propia Axencia se estudara unha nova reordenación do tráfico de ámbalas dúas rotondas, a do Paraugas e a de acceso á AP-9?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:25:03 horas

Lee a pregunta a Sra. Santos López:

“En relación coa modificación do proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable de Baixa Densidade (SAU-BD8), en Quintán polo que se pretende concretar todas as vivendas previstas nunha mesma zona.

Preguntamos: O concelleiro de Urbanismo avala, permite e incentiva a modificación do proxecto de urbanización toda vez que o anterior garantizaba un 40% de VPO e con esta modificación queda reducido a un 30%?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE C'S PRESENTADAS ORALMENTE

A Sra. García Hidalgo formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:28:59 horas

“Con data de sinatura 18 de abril de 2023, segundo Decreto núm. 674/2023, anuláronse os modificativos de crédito, transferencias de crédito 1/2023, 2/2023 e 3/2023 na súa totalidade.

Cal e o motivo das ditas anulacións?”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:29:28 horas

«No informe resumo de control interno do exercicio 2022, no estudo económico sobre as gratificacións do departamento de Intervención (na área económica), nos antecedentes explícase que:

“durante o exercicio 2022 o Concello de Cambre ten sobrepasado o número legal permitido de gratificacións por servizos prestados fóra da xornada laboral. Isto ten sido obxecto de reparo suspensivo no mes de agosto para continuar sendo reparadas as nóminas en meses posteriores. Este reparo é un feito en sede de fiscalización previa limitada. En febreiro de 2023, Intervención solicita determinada información aos xefes de área de cada un dos departamentos á hora de xustificar as horas extraordinarias, para ver se esta vulneración legal leva consigo tamén un incumprimento dos criterios de eficacia e eficiencia. Tamén di que é necesario indicar que estas horas xa foron obxecto dunha ‘análise de eficacia e eficiencia’ en documento denominado ‘nota informativa’; a entender de Intervención sen ningún tipo de respaldo ou estudo previo, o que lle resta rigor técnico e responde a unha opinión ou xuízo



de valor non desexable dentro de informes xurídicos, se é que esta é a natureza xurídica das mencionadas notas”.

A pregunta é: Que “números de notas” levan estas notas informativas ás que se fai mención neste último parágrafo onde se di que son xuízos de valor non desexables dentro de informes xurídicos? O número das notas é o que pedimos.»

PREGUNTA DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADA ORALMENTE

A Sra. Santos López formula a seguinte pregunta dirixida ao Sr. González Leirós:

Única pregunta - Acceso á videoacta – 00:31:12 horas

“Sobre a modificación da ordenación do SAU BD 8. O concelleiro considera que é de interese xeral comezar unha nova tramitación de todos os documentos urbanísticos aprobados despois de tela rematada tras dez anos de xestións e privando os veciños de poder dispoñer xa do 40% de vivendas de protección?”

PREGUNTAS DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX PRESENTADAS ORALMENTE

O Sr. Abalo Castex formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:32:08 horas

“Tendo sido proposto pola concelleira non adscrita María Jesús González Roel nas últimas comisións informativas do mes de abril o pintado dunha celosía na intersección da Costa da Tapia e a rúa Constitución no Temple, para os efectos de evitar atoamentos innecesarios; pregúntase cales son as xestións levadas a cabo ao respecto dende entón.”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 00:32:37 horas

“Veciños de Cecebre e usuarios do polígono do Espírito Santo trasladánnos a súa pregunta sobre o coñecemento da apertura ou non da sede da multinacional Amazon no noso municipio, unha vez acabadas as obras de construción e a eliminación de toda cartelería nel.”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás vinte horas e trinta e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo